

## Informe da Directora Xunta de Escola, 15 de xuño de 2022

### 1 Relacións internacionais

Do 23 ao 25 de maio Iago Pozo asistiu na *École Nationale Supérieure des Mines d'Albi-Carmaux* en Albi (Francia), á reunión anual do grupo GE4.

O 31 de maio visitou a Escola a profesora do *Politecnico de Torino*, María Rita Migliazza, grazas á colaboración co profesor Leandro Alejano. Falounos sobre os efectos ambientais nas propiedades físicas e mecánicas das rochas ornamentais.

Agradécese a Iago Pozo o labor de información e coordinación da mobilidade do centro.

### 2 Divulgación

#### 2.1 Conferencias nos IES

Data	Centro	Participantes da EME	Curso	Asistentes
08/06/2022	IES Floriani (Redondela)	Benito Vázquez (Física Recreativa)	1º Bach	31
10/06/2022	IES Ramón Cabanillas (Cambados)	Benito Vázquez (Física Recreativa)	2º ESO	40
20/05/2022	IES Rosais II	Elena Alonso (titulacións)	2º Bach	15
15/06/2022	IES Valadares (Vigo)	Elena Alonso e María Araújo ("A miña vida profesional")	3º ESO	50

#### 2.2 Aula Aberta TecnoCiencia

Data	Centro	Participantes da EME	Curso	Asistentes
27/05/2022	Inventiva (Asociación de Altas Capacidades)	Iago Pozo Benito Vázquez (1 sesión)	Nenos/as e pais	22
14/05/2022	IES Antón Alonso Ríos (Tomíño)	Iago Pozo Raquel Pérez (2 sesións) Jesús Rico (2 sesións)	4º ESO 1º Bach	40
15/06/2022	IES Valadares	Iago Pozo (benvída) Fran Deive (3 sesións) María Pazo (2 sesións) Xurxo Rigueira (1 sesión) Raquel Pérez (3 sesións)	4º ESO	115

## 2.3 Obradoiro de Minerais

Data	Centro	Participantes da EME	Sesións	Curso	Asistentes
08/06/2022	IES Laxeiro (Lalín)	Iago Pozo Nuria de Castro 3 sesións	4º ESO	70	08/06/2022

## 2.4 Programa STEMBach

Actividades realizadas co IES Valadares por Iago Pozo:

- 3 e 10 xuño, actividades no IES e na Escola
- 13 de xuño. Asistencia á sesión de presentación no IES na que o estudantado presentou aos seus familiares e compañeiros/as os resultados do primeiro ano de proxecto.

Actividades realizadas nos IES Aquis Celenis e ROU por Francisco Deive. O 6 de abril o alumnado visitou as instalacións de *Vertex Bioenergy* en Teixeira (A Coruña).

## 2.5 Actividades de captación “É A TÚA ENERXÍA”

- Link youtube: <https://www.youtube.com/watch?v=WX0cQ13V99I>
- Link Facebook: <https://www.facebook.com/escuelaminasyenergiavigo>
- Link Instagram: <https://www.instagram.com/escuelaminasyenergiavigo/>
- Novos folletos e material para web e impresión
- [http://minaseenerxia.uvigo.es/images/docs/estudos/Folletto\\_Grao%20ERME\\_2022-23.pdf](http://minaseenerxia.uvigo.es/images/docs/estudos/Folletto_Grao%20ERME_2022-23.pdf)
- [http://minaseenerxia.uvigo.es/images/docs/estudos/Folletto\\_Grao%20EE\\_2022-23.pdf](http://minaseenerxia.uvigo.es/images/docs/estudos/Folletto_Grao%20EE_2022-23.pdf)
- *Podcast* no programa de “A Tarde” da Radio Galega coa intervención de Iago Pozo.

Agradécese ás persoas que participaron nas actividades de divulgación e a Iago Pozo o labor de coordinación.

## 3 Sistema Garantía Calidade

### 3.1 Enquisas Avaliación Docente 21/22, segundo cuadrimestre

Rematou o prazo para realizar as enquisas o 10 de xuño.

### 3.2 Enquisas Satisfacción Alumnado 21/22

Infórmase de que se amplía o prazo hasta o día 10 xullo. Recórdase que os colectivos que poden facer a enquisa son:

- Alumnado de grao que se matricula por 1ª vez no 3º curso
- Alumnado de máster que se matricula por 1ª vez no 2º curso.

### 3.3 Guías docentes

- día 2 xuño realizouse unha sesión de coordinación de contidos das materias do novo plan de estudos. Participaron as persoas coordinadoras dos dous graos, o coordinador de 2º curso e as persoas coordinadoras por parte dos Departamentos implicados.
- día 10 xuño realizouse unha sesión informativa sobre a elaboración das guías das materias de nova implantación en 3º curso. A sesión foi levada por María Araújo e Fran Deive.

Agradécese a Guillermo García o traballo realizado como Coordinador de Calidade e as persoas que participaron nas diferentes actividades.

## 4 Actividades académicas extracurriculares

### 4.1 Visita co estudantado de Máster

Realizouse a viaxe de estudos do 5 ao 10 de xuño. Visitáronse a explotación a ceo aberto de pizarra (CUPA), *Las Médulas*, a central *Aldeadávila* (IBERDROLA), *Acerinox* (siderurxia) e *Riotinto* (minaría e proceso metalúrxico). Agradécese a Marta Cabeza o labor de acompañamento do estudantado. E agradécese ao COIMNE o apoio económico e ás empresas a súa colaboración.

## 5 Orientación académica e profesional

1 de xuño. Sesión de orientación académica e profesional para estudantado:

- Orientación académica e profesional. Sesión impartida por Elena Alonso e Eduardo Liz
- Preparación CV e entrevistas traballo. Sesión impartida por persoal do Área de Emprego UVIGO

14 de xuño. Sesións informativas sobre especialidades graos:

- Realizadas polas persoas coordinadoras dos Graos (María Araújo e Fran Deive).

Está pendente a sesión informativa sobre o MUEM dirixida ao estudantado de 4º dos graos.

Agradécese as persoas que participaron no desenvolvemento das actividades.

## 6 Seguimento das persoas egresadas

- Eduardo Liz contactou coas persoas egresadas dos graos para informar da posta en marcha do programa de seguimento e recoller información sobre a súa actividade profesional e académica. Responderon polo de agora 215 persoas egresadas, o que supón case un 60% do colectivo total (363 persoas).
- Reactivouse o grupo de antigo alumnado da Escola en LinkedIn, que pasou de ter 172 membros a 276.
- A dirección do centro presentou ante á Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos da Xunta de Galicia unha solicitude para a inclusión das persoas egresadas do Grao en Enxeñaría da Enerxía para a impartición de "Física e Química".

## 7 Comunidade do centro

A Directora comunica á Xunta de Escola o nomeamento de Andrés Elías Feijóo como Catedrático de Universidade e trasládalle os parabéns ao profesor Feijóo.